

ANEXO IX



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO RESTITUCIÓNS Á PRODUCCIÓN NO SECTOR DOS CEREAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR262A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE ANTICIPO DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN
--	---	--

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	Nº FABRICANTE	DATA DE AUTORIZACIÓN _ / _ / _
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI	
N.º CALIDADE DE		ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

1º- Que utilizou _____ t de (1) _____
co NC nº _____, equivalente a (2) _____ t de (3) _____
_____, na fabricación de _____ t de (5) _____
_____ dentro do período de validez establecido no certificado nº _____,
expedido polo Servizo Provincial do FOGGA con data _____

2º- Que presentou solicitude de pagamento da restitución, da que se xunta copia, para o aboamento da restitución que lle puidese corresponder,

SOLICITA:

En virtude do establecido no artigo 11.2 do Regulamento (CEE) nº 1722/1993, obter un anticipo de _____
_____ (en letra e número) €, equivalente a unha restitución de _____ €/t,
pola utilización da cantidade de amidón ou fécula indicados.

A garantía establecida no artigo 11.2 do R (CEE) 1722/93 achégase mediante (6) _____
_____ nº _____, emitida pola entidade financeira _____
_____, por un importe de _____ € (115% do que se solicita).

O dito anticipo deberá ser ingresado na entidade e conta bancarias indicadas na solicitude de pagamento da restitución.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-R (CEE) 1722/1993, da Comisión, do 30 de xuño
-R(CEE) 1784/1992, do 29 de setembro, do Consello
-R (CEE) 1418/1976, do 21 de xuño, do Consello
-Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento
para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se
convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA _ / _ / _
	DATA DE EFECTOS _ / _ / _
	DATA DE SAÍDA _ / _ / _
REVISADO E CONFORME	

Director do FOGGA

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Resolución do 23 de decembro de 2005 pola que se amplía o orzamento destinado ás axudas encamiñadas ao fomento da enerxía solar na convocatoria do ano 2005.

A resolución do director do Instituto Enerxético de Galicia do 16 de xuño de 2005 (DOG nº 122, do 27 de xuño) establece as bases reguladoras das axudas encamiñadas ao fomento da enerxía solar e procede á súa convocatoria para o exercicio 2005. No artigo 3 da devandita resolución establécese un importe orzado para o exercicio 2005 de 150.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 03.01.01.2180107.

Tendo en conta o gran número e dimensión de proxectos de enerxía solar recibidos, unha vez que se comprobou que o importe total solicitado destas axudas supera amplamente o crédito inicialmente establecido, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente, coa finalidade de poder atender ao maior número de solicitudes.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Artigo único.

1. Ampliar o importe orzado das axudas encamiñadas ao fomento da enerxía solar para o exercicio 2005 en 200.000 euros adicionais.

2. Esta modificación non afecta os prazos establecidos na Resolución do 16 de xuño de 2005, antes mencionada, no que se refire á presentación de solicitudes, nin supón tampouco alteración do resto do seu articulado.

3. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.
Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2005.

Xoán Ramón Doldán García

Director do Instituto Enerxético de Galicia

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 19 de decembro de 2005 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos desta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse por escrito á conselleira de Sanidade (edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela), segundo o modelo que se inclúe como anexo II a esta orde.

As ditas solicitudes poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, nos das súas delegacións provinciais, nos das direccións provinciais do Sergas ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira que vimos de sinalar non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Sanidade. A resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sexto.-O nomeamento dun funcionario con destino definitivo noutra Administración pública ou que preste os seus servizos na comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava punto 4º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo anunciado estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable sobre el, conforme o previsto no Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, e demais disposicións concordantes.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimarse a interposición deste recurso, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2005.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Código do posto: CS.A99.10.003.27001.001. Denominación do posto: xefe do Servizo de Protección da Saúde. Dependencia: delegación provincial da Consellería de Sanidade. Localidade: Lugo. Tipo de posto: S. Grupo: A. Nivel C.D.: 28. Compl. específico: 9.825,36 €. Corpo ou escala: 1.1/ 1.2/ 5/ 6/ 7/ 9.